

## ACTA Nº 18/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2010**

#### **Asistentes:**

#### **CONCELLEIROS:**

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 3 de maio de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 16/10 do 19 de abril de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que na resolución núm. 237/10, do 28 de abril, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para transferir ao Padroado Beiramar a contía de 20.000 euros; na 238/10, do 29 de abril, para a concesión dunha axuda de supervivencia; e na 240/10, do 30 de abril, para a instalación dun circo o día 2 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con

circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 38/10 – D.<sup>a</sup> ASUNCIÓN E D.<sup>a</sup> MARÍA TRINIDAD SALGUEIRO GRAMRY** presentan proxecto de substitución de tella de cuberta en didificio existente na Xunqueira, nº 65 – UG-5, do barrrio de Reibón-Meira de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José Blanco Casás, visado na data 16.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais..

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto trátase de reitrar a tella existente, substituíla por tella curva sobre chapa ondulada de fibrocemento, mantendo o tableiro da cuberta existente colocado sobre viguetas; preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	150,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**3.B) EXPTE. 147/09 – FANDICOSTA, S.A.** presenta anteprojecto para instalación dunha caseta prefabricada de formigón para instalar un centro de transformación de 1000 KVAS, no muelle de carga da Factoría Fandicosta, S.A., no barrio de Verdeal-Domaio-Moaña, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Amancio González Isla.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 27 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** CASETA PREFABRICADA PARA CENTROS DE TRANSFORMACIÓN (O.MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informes sectoriais..

No expediente consta aprobación do proxecto de execución pola Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria; unha vez instalado debe comunicalo a efectos da súa comprobación e posta en servizo.

No expediente consta coa autorización da Autoridade portuaria de Vigo.

Solo rústico, ubícase fóra da franxa de protección da lei de costas e dentro do dominio público marítimo-terrestre. En atención do Real Decreto Lexislativo 2/2009, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, Artigo 12.2., estando como solo rural por ser un solo constituído o solo destinado a sistema xeral como infraestruturas do Porto de Vigo, sendo factible en función das determinacións da LOUGA para esta clase de solo protexido e a natureza da instalación o outorgamento da licenza sen autorización autonómica previa.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	466,26 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

#### **4.- OBRAS MENORES: PECHES**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**4.A) EXPTE. 50/10 – D. FRANCISCO PIÑEIRO ARGIBAY** presenta memoria descritiva de cerramento de propiedade de 20,98 ml de fronte a vía pública e unha superficie de 20 ml x 1,95 m de alto, construído con pedra e 47 ml e 2m de alto, cerrado con arame e un zócalo de bloques de formigón, de conformidade coa memoria, croquis e orzamento presentado.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PECHE (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza**

Non require informes sectoriais.

A executar de acordo coa documentación presentada.

Axustarase a alineación oficaial que deberá ser replantexada polo Inspector de obras.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	72,38 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

**4.B) EXPTE. 43/10 – D.MANUEL CARBALLO CHAPELA** presenta croquis de construción dun peche a lindeiros nunha finca da súa propiedade, situado no Pedroso-Sabaceda, de acordo co plano de situación e deslinde adxunto. Lonxitude do peche: 16,45 ml, altura 2,00 ml. Orzamento das obras: 553,00 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de abril de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** PECHE (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza**

Non require informes sectoriais.

Peche en ordenanza 2 executarase de acordo coa documentación presentada. Altura máxima será de dous metros.

Resto de peche en ordenanza 10 será totalmente con postes e malla de arame cunha altura máxima de un metro e medio.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 15,49 €

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

### **5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado pola sociedade CASAS BELAS LA GRANDE, S..L., representado por D. Manuel Pousada Carballo, no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de 3 sotos, planta baixa, dúas plantas e baixo cuberta, para garaxes, locais comerciais e 26 vivendas situado na Xunqueira – Reibón (parcela nº 1), (Expte. nº 38/2005, concedida pola XGL en sesión de data 09.05.2005 e o modificado para adición dun 3º soto na XGL 19.09.05)

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe emitido pola asistencia técnica municipal de data 29 de abril de 2010 que di:

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE TRES SOTOS, PLANTA BAIXA, DÚAS PLANTAS E PLANTA BAIXO CUBERTA, PARA GARAXES, LOCAIS COMERCIAIS E 26 VIVENDAS.

**INFORME:** **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto

Guimeráns Gallego, o día 30 de setembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de outubro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 30 de setembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de decembro de 2008.

Certificado de illamento acústico favorable para o desenvolvemento da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 2.841,97 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 3 sotos, planta baixa, dúas plantas e planta baixo cuberta, para garaxes, locais comerciais e 26 vivendas na Xunqueira – Reibón (parcela nº 1), dimanante da licenza en Expte. nº 38/05, á súa promotora CASAS BELAS LA GRANDE, S.L. nos termos sinalados no informe da asistencia técnica municipal.

### **6.- CESIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO ENSANCHE DO VIAL DAS BARXAS A BERDUCEDO.**

Vista a seguinte relación de persoas, titulares de terreos que ceden gratuíta e voluntariamente ao Concello para a construción de beirarrúas no ensanche do vial das Barxas a Berducedo (no tramo comprendido entre a Moca e a subida ás Pagonas), segundo os planos que acompañan, e cuxos nº de documento de identidade constan nos documentos de cesión, e visto que a cesión está condicionada a que se repoñan os bens afectados por dita obra:

<b>TITULAR</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>SUPERFICIE de terreo sito no vial das Barxas a Berducedo que cede</b>
D. SALVADOR SEOANE JALDA	Concepción Arenal, 22 – 5º B	50,52 m2 30,9857 m2
D. JOSÉ PASTORIZA PAZÓ	A Moca, 31 – O Redondo	5,03 m2
D. <sup>a</sup> MÓNICA PRIETO FERNÁNDEZ	A Moca, 27 – O Redondo	7,80 m2
D. JOSÉ SANTOMÉ FERNÁNDEZ	A Moca, 24 – O Redondo	0,66 m2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar as cesións que aparecen na relación, con compromiso de reposición dos bens afectados por dita obra, e computándolles a superficie cedida para os efectos de edificabilidade.

## 7.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	TROFEOS TORNEO DE GOLF	Maikel & Best – Israel Juncal Barros	3410 22601 RC 782	267,96 €
TURISMO	PUBLICIDADE DO CONCELLO DE MOAÑA: Expositores enrolables	DIFUX, S.L.	4320 22602 RC 779	348,00 €
ALCALDÍA – SERVIZOS	ARRANXO CANALIZACIÓN DE SANEAMENTO EN RÍO	COVSA	1610 60908 RC 772	5.887,50 €
SERVIZOS SOCIAIS - CIM	DESPRAZAMENTO AO MOSTEIRO DE OSEIRA PARA VISITA CULTURAL	E. BERMÚDEZ E HIJOS, S.L.	2310 22614 RC 780	189,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado ao 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 8.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 23 de abril que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 185, presentada polas entidades sinaladas, xustificativas do gasto que ascende á cantidade acumulada de 64.003,24 € (IVE engadido)

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 64.003,24 euros, presentada polas seguintes entidades:

<b>ANEXO I</b>			
<b>Factura</b>	<b>Provedor</b>	<b>Partida</b>	<b>Importe</b>
892	Rias Baixas Comunicacions, S.L.	4320 22602	297,54
183	Aldao Gonzalez Susana	2310 22703	2.561,62
184	Aldao Gonzalez Susana	2310 22713	7.402,40
C35	Empresa Monforte, S.A.	1320 20400	948,00
505115	Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos, S.A.	9200 22201	1.472,14
10003	Urbaser, S.A.	1630 22700	17.933,32
502204	Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos, S.A.	9200 22221	652,27
Total anexo I			31.267,29

<b>ANEXO II</b>			
<b>Factura</b>	<b>Provedor</b>	<b>Partida</b>	<b>Importe</b>
20	Romero Soliño, S.L.	1550 21000	2.883,98
71	Almacenes Canducho, S.L.	1550 21000	2.537,12
143	Montes Costal, Maria Luz	3370 22110	30,86
8	Relé Calefacción, S.L.	3130 20300	1.438,40

2468	Kopiak Moaña, S.L.	1320 22000	28,21
2469	Kopiak Moaña, S.L.	2310 22000	8,76
2470	Kopiak Moaña, S.L.	9200 22000	29,29
2471	Kopiak Moaña, S.L.	3370 22000	28,59
2472	kopiak Moaña, S.L.	9200 22000	5,57
2473	kopiak Moaña, S.L.	2310 22000	38,72
2474	kopiak Moaña, S.L.	3340 22200	18,73
2475	Kopiak Moaña, S.L.	1510 22000	3,03
36	Caramuxo Teatro, S.C.	3320 22609	600,00
7642	Jucons Galaica, S.L. U.	1530 20300	1.120,56
887772	S.O. Rias Baixas , S.L.U.	2310 22003	39,75
58203	Gas Natural, S.U.R. SDG, S.A.	9200 22120	76,22
37	RUA RUA, F. David	1510 22114	162,45
38	RUA RUA, F. David	1510 22114	162,45
39	RUA RUA, F. David	1510 22114	216,60
40	RUA RUA, F. David	1510 22114	162,45
41	RUA RUA, F. David	1510 22114	162,45
521	Almacenes Canducho, S.L.	varias	648,86
210247	Telga Comunicaciones, S.L.	1320 20800	89,27
147	Romero Soliño, S.L.	1550 21000	529,68
530	Sanchilan, S.L.	1340 22103	35,00
3843	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	varias	2.240,37
3844	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	9200 22103	60,00
3845	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1340 22103	186,48
3846	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1320 22103	540,48
3847	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1550 22103	130,00
359	Covsa	1550 21000	1.270,29
3062	Paz Dismac, S.L.	9200 22000	207,92
88724	Comercial Senra, S.A.	3420 20203	234,32
A158	Obras y Servicios Fernández, S.L.	1550 22300	1.665,76
33	Santa Cecilia Escudero, Ana	9200 22624	213,84
35	Santa Cecilia Escudero, Ana	9200 22624	243,10
36	Santa Cecilia Escudero, Ana	9200 22624	401,80
357955	Wurth España, S.A.	1550 22109	451,82
357954	Wurth España, S.A.	1550 22109	456,53
357953	Wurth España, S.A.	1550 22109	1.033,56
388	Galisec, S.L.U.	3320 21200	33,99
177	Wurth, S.L.	9200 21600	440,34
369594	Wurth España, S.A.	1550 22109	74,51
41	Santa Cecilia Escudero, Ana	9200 22624	326,41
214	Montes Costal, Maria Luz	3420 22110	168,12



212	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	224,94
211	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	363,47
210	Montes Costal, Maria Luz	2310 22110	171,48
209	Montes Costal, Maria Luz	1550 22110	58,86
208	Montes Costal, Maria Luz	9200 22110	114,27
207	Montes Costal, Maria Luz	2310 22110	117,13
206	Montes Costal, Maria Luz	3320 22110	63,33
205	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	279,13
204	Montes Costal, Maria Luz	3120 22110	68,55
203	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	90,36
202	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	58,63
201	Montes Costal, Maria Luz	2340 22110	96,96
200	Montes Costal, Maria Luz	3210 22110	177,21
199	Montes Costal, Maria Luz	3420 22110	185,39
32	Chapela Ferverza, José	1550 21400	823,97
57776	R Cable y Telecomunicacion Galicia, S.A.	2310 22200	77,60
1208	Faro de Vigo, S.A.	9200 22001	121,80
1207	Faro de Vigo, S.A.	4320 22602	1.151,01
375466	Wurth España, S.A.	1550 22199	150,22
830	Santomé Gonzalez, Juan Pablo	1320 22700	16,00
871227	Ascensores Enor, S.A.	3320 21301	229,94
426	Grupo JCA Hormigones, S.A.	1550 21000	3.034,72
831	Santomé Gonzalez, Juan Pablo	1320 21400	280,00
5456	Recambios Molares, S.L.	varias	113,36
3153	Paz Dismac, S.L.	9200 22000	59,86
5521	Unit 4 Business Software Spain, S.L.U.	9310 21600	82,23
5522	Unit 4 Business Software Spain, S.L.U.	9310 21600	877,24
Total anexo II			30.524,30

<b>ANEXO III</b>			
<b>Factura</b>	<b>Proveedor</b>	<b>Partida</b>	<b>Importe</b>
312067	Telefonica Móviles de España, S.A.	varias	2.211,65
Total anexo III			2.211,65

<b>TOTAL RELACION</b> .....	<b>64.003,24</b>
.....	

**Segundo.-** Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 64.003,24 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010.

**Terceiro.-** Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España, S.A., por un importe de 541,89 €.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 3 de maio de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos orixinados por clubs de xubilados alleos ao Concello que non gardan con el ningún tipo de relación orgánica ou de dependencia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender que son contratos menores e porque os locais onde están eses clubs son de titularidade municipal.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

## **9.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”**

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 28 de abril ás 12:05 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

### **“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

En Moaña, a 28 de abril de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:05 horas, constitúese a Mesa de Contratación da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Dña. Teresa Suárez Riobó, representante do PSOE, D. Javier Abal Juncal, representante do PP, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico do Concello e D. José Luís Domínguez González, Arquitecto redactor do proxecto, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe da Secretaría respecto da valoración da desproporcionalidade ou temeridade nas baixas que reflicten as ofertas, e se, á vista da imprevisión dos pregos respecto de criterios de valoración dunha posible temeridade, cabería a aplicación dos criterios que ao respecto prevé a

lexislación contractual. Asemesmo acorda, de ser o caso, requirir dos Servizos Técnicos Municipais informe respecto á desproporcionalidade ou temeridade nas baixas.

Visto o informe de Secretaría, de data 22 de abril de 2010 respecto das cuestións requiridas pola Mesa:

### **INFORME DE SECRETARÍA**

Dando cumprimento á Providencia da Alcaldía de data 21 de abril do presente ano emítese informe sobre os extremos que se deducirán dos seguintes:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En data 15 de marzo de 2010 se aproban os Pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación da obra por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, da obra: “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)”. Nos citados pregos non se establece previsión algunha respecto do cálculo da desproporcionalidade nas baixas.

II.- A Mesa de Contratación celebrada o 21 de marzo de 2010 solicita informe da Secretaría respecto de si sería aplicable, á vista das baixas reflectidas nas ofertas presentadas, as previsións previstas na Lei respecto do cálculo da desproporcionalidade nas ofertas presentadas.

En cumprimento deste deber emítese o seguinte

#### **INFORME**

##### **NORMATIVA APLICABLE**

A lexislación aplicable ven esencialmente determinada nas seguintes disposicións:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

##### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- O artigo 136, apartado 2, da Lei 30/2007, de contratos do Sector Publico dispón *“Cuando para la adjudicación deba considerarse más de un criterio de valoración, podrá expresarse en los pliegos los parámetros objetivos en función de los cuales se apreciará, en su caso, que la proposición no puede ser cumplida como consecuencia de la inclusión de valores anormales o desproporcionados.”*

Pola súa parte o artigo 85.3 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas establece os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias nas subastas.

A cuestión a dilucidar é se os citados criterios de apreciación da temeridades nas ofertas podería ser aplicable no caso de concursos (agora segundo a actual lei, procedementos abertos con varios criterios de adxudicación), no caso de que nos pregos de licitación nada se prevese respecto da apreciación de temeridade nas baixas.

A este respecto a Junta Consultiva de Contratación Administrativa, ven valorando esta posibilidade, a partires da aplicación subsidiaria prevista no concurso respecto das normas previstas na subasta cando non se prevea expresamente regulación específica para o concurso. Así en informe de informe de 30 de xuño de 1999 sinala:

*«A diferencia de la subasta donde los supuestos y procedimiento para apreciar las bajas desproporcionadas o temerarias, ofertas anormalmente bajas en la terminología comunitaria, está perfectamente reglado y no debe suscitar especiales dificultades, la distinta ponderación del criterio del precio, incluso su inexistencia, en el concurso determina que sea imposible apreciar «a priori» los supuestos en que una oferta debe considerarse desproporcionada o temeraria, y, en consecuencia, pueda aplicarse el procedimiento, con los efectos previstos en el artículo 84, apartados 2 b, 3, 4 y 5 de la realizada la constituye el que el propio pliego de cláusulas administrativas particulares contenga fórmulas o criterios para la previa consideración de desproporcionadas o temerarias de las bajas de las ofertas en concursos...»*

En consecuencia, salvo que os pregos expresamente o prevean non se pode determinar, polas propias características da licitación a temeridade e desproporcionalidade nas baixas das ofertas con carácter previo. Nesta mesma liña en informe 58/2008, de 31 de marzo de 2009, a Junta Consultiva apunta: “La meridiana claridad del texto permiten afirmar que **el único requisito que el legislador impone para tal acción es que para su aplicación se requiere que el órgano de contratación haya expresado en el pliego de cláusulas administrativas particulares los criterios objetivos en función de los cuales se apreciará, en su caso, que la proposición no puede ser cumplida** y que si uno de los criterios elegido es el precio se han de expresar además los límites que permitan apreciar tal situación, **sin que sean de aplicación a tal efecto los fijados en el artículo 85 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas por así disponerlo el artículo 90 del mismo... Por, la Junta Consultiva de Contratación Administrativa entiende que para que pueda ser ponderada si una proposición no puede ser cumplida por considerar que se trata de una oferta anormalmente baja, tanto durante la vigencia de la Ley de contratos de las administraciones públicas, bajo la forma de adjudicación de concurso, como de la Ley de Contratos del Sector Público cuando se apliquen diversos criterios de valoración de las ofertas, es requisito que en el pliego de cláusulas administrativas particulares se hayan especificado los criterios objetivos que permitirán su apreciación.**”

Como xa sinalamos con anterioridade, nos pregos desta licitación non se recolle tal previsión de valoración da temeridade das baixas nas ofertas presentadas, polo que tal determinación non pode ponderarse sen esa previa habilitación vía pregos, e en

consecuencia, non poderán aplicarse os criterios previstos no Regulamento de Contratos para tal determinación.

## CONCLUSIÓNS

Non cabe valoración da temeridade das baixas nas ofertas presentadas na licitación da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)”, por non estar previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e non ser aplicables as previsións do Regulamento da Lei de Contratos que regulan os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias nas subastas.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundado.”

En vista do informado a Mesa procede ao estudo dos Servizos Técnicos respecto da valoración das ofertas sen a inclusión de valoración da temeridade nas baixas:

## “VALORACION CONCURSO REFORMA CAMPO FUTBOL DOMAIO

### CONCELLO DE MOAÑA

### PRECIO DE LICITACION (IVA INCLUIDO) 554.786,97 EUROS

Empresa	Presuposto	Baixa	Puntos	Traballadores	Puntos	Total puntuación
Covsa	476.562,00	14,10%	6	8	4	10
Indepo-Movexvial	432.234,53	22,09%	6	8	4	10
Calfensa	460.473,19	17,00%	6	8	4	10
Roelju	482.664,66	13,00%	6	8	4	10
Ediserpo	488.000,00	12,04%	6	8	4	10
Imaga	488.212,53	12,00%	6	8	4	10
Varela Villamor	483.496,84	12,85%	6	8	4	10
Hidroscivil Balboa e Buceta	438.836,49	20,90%	6	8	4	10
Cobra-Poligras	487.380,35	12,15%	6	8	4	10
CPS	407.879,39	26,48%	6	9	4	10 (MAIOR BAIXA)
Sinerkia	467.895,89	15,66%	6	8	4	10
Generoso Argeriz	487.324,87	12,16%	6	9	4	10
Terrauga	481.721,53	13,17%	6	9	4	10

A Mesa de Contratación á vista das condicións presentadas polas ofertas valoradas e os informes reseñados, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato á Proposición nº 11, CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

Prezo.- 407.879,39 euros. (351.620,16 euros + 56.259,23 euros de IVE).

Adscripción de traballadores á obra: 9 traballadores de nova contratación, con contratos de seis meses de duración.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 12,15 horas.

Vista a memoria do proxecto incluído no FEIL e aprobado polo Ministerio de Política Territorial, no que se establece un mínimo de tratalladores a ascribir á obra de: dez traballadores.

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS S.L., polo prezo de CATROCENTOS SETE MIL OITOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS E SESENTA E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (407.879,39 euros). (351.620,16 euros + 56.259,23 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, adscripción de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que nove serán de nova contratación, con contratos de seis meses de duración.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 407.879,39 euros con cargo á partida 3420.63201 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 17.581,01 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19.1 dos pregos sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 19.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante e notificalo ao resto de licitadores.

## **10.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE TIRÁN (MOAÑA).”**

Mediante Resolución da Alcaldía de data 5 de marzo de 2010 aprobouse Proxecto de obra de “Mellora de eficiencia energética do alumeado público na parroquia de Tirán (Moaña)”, obra incluída no Fondo Estatal de Investimento Local. O Proxecto foi redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e conta cun importe de

execución por contrata de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL.

Á oferta presentada pola empresa presenta as seguintes condicións: Prezo: CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE). Prazo de execución: Un mes. O adxudicatario comprométese á contratación de dous traballadores durante o período de tempo da duración das obras, un deles Oficial 3ª Electricista, e un deles de nova contratación. Prazo de garantía: 12 meses.

Asemesmo a empresa presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

A Secretaría emite informe en data 16 de marzo de 2010 e a intervención Municipal en data 29 de marzo de 2010.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedentes e, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 29 de marzo de 2010 por entender suficientemente xustificado, en base ás características reflectidas no proxecto, a consideración do contrato coma contrato menor de obra.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Mellora de eficiencia energética do alumado público na parroquia de Tirán (Moaña)” á empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL por un importe total de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de un mes e contratación de dous traballadores durante o período de tempo da duración das obras, un deles Oficial 3ª Electricista, e un deles de nova contratación. Prazo de garantía: 12 meses.

TERCEIRO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle cita para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo. Ademais a empresa deberá de presentar, con anterioridade á sinatura do contrato, a acreditación da contratación do traballador de nova contratación que se atopase en situación de desemprego, prioritariamente en situación de desemprego de larga duración, e que fose requirido a través dos Servizos Públicos de Emprego, conforme Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local. Finalmente a empresa haberá de presentar garantía definitiva por importe de 2.155,17 euros.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 1650.61101 do Orzamento Municipal por importe de 50.000,00 euros.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

## **11.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL”**

En data 5 de xuño de 2006 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL” á empresa U.T.E. MORRAZO (José Luis Méndez Sánchez), polo prezo de CINCENTA E CINCO MIL SEISCENTOS COARENTA E CATRO EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS, (55.644,89 €), IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

En data 25 de xullo de 2006 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

Á vista do tempo transcorrido sen que se reiniciasen as obras.

En data 6 de abril de 2010, o Arquitecto Técnico Municipal, un representante do contratista e un representante do Concello levantan acta, logo da comprobación e medición pertinente, sobre obra efectivamente executada pola empresa a efectos da liquidación do contrato. Na mesma se determina como total executado 34.141,18 euros, incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

En data 7 de abril de 2010 a Secretaría Municipal emite informe respecto da posibilidade de resolver o citado contrato.

A Xunta de Goberno, en sesión de 12 de abril de 2010 acordou iniciar os trámites para a resolución do contrato de obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadá no Casal” por incumprimento dos prazos de execución previstos no contrato, concedendo un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o que estimase oportuno no presente expediente de resolución contractual.

O día 15 de abril de 2010, a empresa recibe notificación do acordo.

En data 27 de abril de 2010, e dentro polo tanto, do citado prazo, D. José Luís Méndez Sánchez, en representación da empresa U.T.E. Morrazo presente escrito de alegacións ao expediente de resolución do contrato no que expoñen a imposibilidade de rematar a execución da obra pola falta das autorizacións administrativas pertinentes sen que se poda entender como causa imputable ao adxudicatario e solicitando do Concello a resolución do contrato abonando este a obra executada e autorizando a cancelación dos avais depositados pola empresa como garantía da obra.

Visto o informe de Secretaría de data 3 de maio de 2010, respecto do escrito de alegacións presentado pola empresa e trámites a seguir.

Á vista dos citados antecedentes, pola presente, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, de acordo os artigos 111.c) e 113.2 do TRLCAP acorda remitir á empresa adxudicataria **proposta de resolución de contrato**, concedendo un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ou no seu caso amosen a súa conformidade ca seguinte proposta:



PRIMEIRO.- Resolver o contrato de obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadá no Casal” adxudicado á empresa U.T.E. MORRAZO, contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno deste Concello en data de 5 de xuño de 2006, á vista do tempo transcorrido e ante a imposibilidade de que o restante da obra pendente poida ser executado, sen que se entenda que mediou a concorrencia de culpa ou responsabilidade no retraso imputable ao adxudicatario da obra, polo que o Concello non procederá a esixir danos e prexuízos polos retrasos ou inexecución parcial da obra de referencia.

SEGUNDO: Aprobar o pago da liquidación conforme á comprobación e medición efectuada da obra executada, por importe de 34.141,18 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1610.60906 do vixente Orzamento Municipal.

TERCEIRO: Autorizar a devolución dos avais presentados depositados no Concello por U.T.E. MORRAZO como garantía definitiva da obra, por entender que non concorre responsabilidade imputable ao contratista e á vista do tempo transcorrido dende o remate da obra.

## 12.- APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DA POLICIA LOCAL DE MOAÑA 2010

O tribunal de selección constituído para cualifica-las probas convocadas para a selección de auxiliares da policía local de Moaña para a súa contratación temporal en época estival, en reunión de data 30 de abril de 2010 procedeu a revisión dos exames dos dous últimos exercicios do proceso selectivo.

Unha vez resoltas as alegacións polo tribunal, o Departamento de persoal elaborou unha nova listaxe co nome e apelidos dos aspirantes e as súas puntuacións. Esta listaxe, de conformidade ca cláusula nº 8 das bases de selección sométese á aprobación pola Xunta de Goberno Local, e cando sexa aprobada terá a condición de definitivo.

Posteriormente, exporase no taboleiro de anuncios do Concello para coñecemento de todos os interesados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a relación definitiva da listaxe, unha vez rematado o proceso selectivo e resoltas as alegacións presentadas, ordenando a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello para coñecemento de todos os interesados:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIONES			
	1ª PROBA	2ª PROBA	3ª PROBA	TOTAL
Martínez del Río, Alexandre	8,93	2,68	2,40	14,01
Cruz Blanco, María Katia	7,87	2,68	2,32	12,87
Gago Lorenzo, José Angel	7,87	2,36	2,25	12,48
Marcos Lorenzo, Diego	7,60	2,36	2,32	12,28
Acevedo Pose, Alejandro	7,33	2,57	1,72	11,62
Rivas Parada, Javier	6,80	2,78	1,80	11,30
Pereira Rodríguez, Jesús	7,33	1,92	2,02	11,27
Sanmarco Vázquez, Héctor	7,33	1,61	2,32	11,26
Souto del Rio, Santiago	6,80	2,03	1,87	10,70
Vázquez Chorén, Alberto	6,53	1,61	2,25	10,39

Boubeta Rouco, José	6,00	2,03	2,17	10,20
Bermúdez Cancelas, Cesar	6,00	1,50	1,72	8,95
Rodríguez López, Bruno	5,73	2,46	0,97	-----
Balea Piñeiro, Sofía	6,80	0,96	-----	-----
Carracelas Graña, Laura	6,80	1,28	-----	-----
Fernández Cerqueira, José	6,53	0,75	-----	-----
Rielo Gesto, Emilio	6,53	0,32	-----	-----
Iglesias Piñeiro, Carmen	6,27	1,28	-----	-----
Bermúdez Montejano, Carlos	6,00	0,53	-----	-----
Moreira Ferverza, X. Francisco	5,73	1,18	-----	-----

### 13.- SOLICITUDES DE PARA ACOLLERSE A SUBVENCIONS

**13.A)** Vista a *Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia*. da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG nº 64 do mércores, 7 de abril de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acepta as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na devandita Orde, e acorda solicitar axuda acolléndose a ela para o proxecto *Equipamento do Parque Infantil da Guía (Meira-Moaña)*, cuxo orzamento total é de 44.999,30 euros e para o que se solicita unha axuda de 35.999,44 euros.

**13.B)** Vista a *Orde do 29 de marzo de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamento para a prestación de servizos municipais nos concellos e nas entidades menores de Galicia*, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG nº 64 do mércores, 7 de abril de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acepta as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na devandita Orde, e acorda solicitar axuda acolléndose a ela para o proxecto *Equipamento da Escola Municipal de Música de Moaña* cuxo orzamento total é de 56.383,72 euros e para o que se solicita unha axuda de 45.106,98 euros.

### 14.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO PARROQUIA DE MOAÑA

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE*

MOAÑA remitido pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L. para o seu estudo e aprobación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MOAÑA* e designar como coordinador de seguridade e saúde a D. Luis Esteban Rey.

#### **15.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 307/2009 DO PROCEDEMENTO ABREVIADO 265/2009**

Vista a sentenza 307/2009, de data 18/11/2009, recaída no procedemento abreviado 265/2009 seguido no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, promovido por CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, S.A. contra o Concello de Moaña pola desestimación da reclamación de 1054,10 euros, que declaraba que a actividade administrativa impugnada non se axustaba a dereito, e que procedía a condena do Concello de Moaña ao pagamento á demandante da cantidade de setecentos euros (700 €) máis a que resulte polos intereses legais correspondentes desde a data da reclamación administrativa ata o total pagamento.

Visto os requirimentos efectuados polo Xulgado para dar cumprimento á sentenza, formada peza separada de execución 19/2010, en concreto providencia de data 30 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Proceder á execución da citada sentenza e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 700 euros de principal con cargo á partida 9200.22623 RC 773 en concepto de indemnización execución senteza procedemento abreviado 265/2009 a favor CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, S.A.

Segundo: Dar traslado do acordo ao interesado e aos servizos municipais.

#### **16.- MATRÍCULA I.A.E. (COTAS PROVINCIAIS E NACIONAIS)**

Vista a proposta da Alcaldía do 29 de abril de 2010, que di:

En uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobación da Matrícula do Imposto de actividades económicas (IAE), cotas provinciais e nacionais, correspondente ao exercicio 2010, remitido polo ORAL.
- 2.- Remitir o presente acordo ao ORAL, para os efectos de proceder á publicidade do padrón e ao seu posterior cobro.
3. Someter a exposición pública a matrícula do IAE correspondente ao exercicio 2010, publicando o correspondente anuncio no taboleiro de editos do Concello, durante o período comprendido entre o 1 de maio e o 15 de maio de 2010,

debéndose remitir á Dirección do Oral, unha vez expirado tal prazo, o anuncio coa pertinente dilixencia de ter sido exposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

### **17.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO**

Visto o informe do 5 de abril de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación a solicitude recibida o día 23 de marzo de 2010 para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica a persoa solicitante cumpre cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

Vista a data da solicitude de redución de tarifas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración a D.<sup>a</sup> Isabel Santos Parcerero, na rúa Igrexario, 33 Tirán.

**Segundo:** Notificarlle o acordo a Aqualia.

### **18.- LUDOTECA: CAMBIO DE TARIFA DE SOCIO**

Visto o informe da coordinadora da ludoteca municipal, de data 28 de abril de 2010, emitido pola solicitude dunha nai de acollerse á tarifa reducida polo servizo de ludoteca, da que seu fillo é o socio nº 210, e visto que acompaña informe favorable da traballadora social do Concello xa que cumpre cos requisitos esixidos na Ordenanza fiscal reguladora deste servizo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o cambio da tarifa asignada ao socio 210, que queda como sigue:

<b>Socio</b>	Hannes Bartölke Santomé	<b>Art. 4 Epgr. 3º b</b>
<b>210</b>	ROSA ANA SANTOMÉ PAREDES (nai)	<b>73.240.821 - N</b>

### **19.- VADOS**

D. Antonio Blanco Martínez, solicita licenza para vado na Xunqueira, 65, baixo, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 90,03 euros (vado 4 metros e 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 10 de abril de 2010, no que indica que ten dúas portas de garaxe de 1 praza cada unha e 4 metros de rebaixe,

Visto o informe do inspector de obras do día 8 de abril de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. ANTONIO BLANCO MARTÍNEZ, cun rebaixe de 4,00 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 90,03 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

## **20.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 3 de maio de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. ENDESA ENERGÍA S.A.U., pola LIÑA DE NEGOCIO DE ELECTRICIDADE E GAS BAIXA PRESIÓN. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

\*ENDESA ENERGÍA S.A.U., CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO ELECTRICIDADE)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
XANEIRO 2010	4.773,11	71,60
FEBREIRO 2010	3.944,31	59,16
MARZO 2010	3.939,04	59,09

TOTAL	12.656,46	189,85
-------	-----------	--------

\*ENDESA ENERGÍA S.A.U.,CIF A81948077(LIÑA DE NEGOCIO GAS BAIXA PRESIÓN)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
XANEIRO 2010	4.377,88	65,67
FEBREIRO 2010	238,30	3,57
MARZO 2010	3.972,61	59,59
TOTAL	8.588,79	128,83

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de ENDESA ENERGÍA S.A.U. pola liña de negocio de electricidade por 189,85 euros, e de 128,83 pola liña de negocio de gas baix presión, polo período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.